



CIRCULAR DE FIN DE CURSO ÁS FAMILIAS

1. – Atención ás familias:

- **Día 27, xoves:** As familias que desexen falar co profesorado poderán facelo de **09:00 a 10:30 horas**. Despois de dito día, só se recibirán previa petición de hora.
- **Día 28, venres: De 13:00h a 14:00h** as titoras entregarán ás familias o Historial Académico de 6º de E.P., cada grupo na súa titoría. De non poder asistir a nai ou o pai, poderán autorizar a outra persoa por escrito e presentando copia dos DNI da persoa autorizada e da que autoriza.
- As reclamacións ás notas rematan o venres 28 de xuño.

2.- Programa Madrugadores e Comedor Escolar:

As familias interesadas en facer uso destes servizos deben solicitar información no local da Anpa Xanela.

Email: comunicacion.anpaxanela@gmail.com

3.- Comezo das clases en setembro:

A Orde do calendario escolar para o curso 2024-2025 establece o inicio de curso o día **11 de setembro**.

4.- Libros de texto e material escolar:

- A relación de libros e material escolar para o próximo curso escolar está exposta no taboleiro da entrada principal e na páxina web do centro dende o 14 de xuño.

5.- Fondo solidario de libros e vales para a adquisición de material.

Datas de interese:

- **21 de xuño:** remata o prazo para a presentación de solicitudes do fondo solidario de libros de texto e axudas de material.
- **1 de xullo:** publicación das listas provisionais.
- **2 e 3 de xullo:** prazo de reclamacións.
- **05 de xullo:** publicación das listaxes definitivas.
- As listaxes do Fondo Solidario de Libros publicaranse no taboleiro interior do centro. A listaxe de beneficiarios dos vales para a adquisición de libros de texto e/ou material non se publicará (segundo a Lei de protección de datos) e deberá ser consultada na administración do centro no horario establecido (de 10:00 a 13:00h).

- **04 e 05 de xullo:** Entrega de vales das axudas de libros e material de 1º e 2º de E.P. e das axudas de material de 3º a 6º na secretaría do centro **en horario de 10:00 a 13:00 horas.**
- Os vales e os libros do fondo solidario só se entregarán á persoa solicitante. Se esta non puidese recollelos poderá autorizar a outra persoa que deberá traer autorización escrita e as fotocopias do DNI das dúas persoas (solicitante e autorizado/a).
- Estableceranse datas no mes de setembro para a recollida de vales que non se faga en xullo e para a recollida dos libros adxudicados polo fondo para o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria para o vindeiro curso 2024 - 2025.

6.- Transporte Escolar:

- As listaxes provisionais do alumnado admitido e excluído no servizo de transporte publicarase o 5 de xullo no taboleiro da entrada principal.
- Prazo de reclamacións contra esta listaxe: días 2, 3 e 4 de setembro.
- Publicación da listaxe definitiva: 6 de setembro.

7.- Horario de Secretaría:

- **Do 25 de xuño ao 05 de xullo: de 10:00 a 13:00 horas**

Chegado o final de curso queremos agradecervos a vosa comprensión e colaboración na vida diaria do centro. Desexamos que o vindeiro curso podamos continuar cos nosos proxectos e emprender xunt@s novas iniciativas!!!

Os nosos mellores desexos ao alumnado de 6º de Primaria nesta etapa nova que comeza para vós!!

Desexamos que pasedes un feliz verán!



A Coruña, 21 de xuño de 2024

O Equipo Directivo